

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 31 de xaneiro de 2008 pola que se regula a aplicación de pagamentos directos á agricultura e á gandaría e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable, no ano 2008.

Advertidos erros na Orde do 31 de xaneiro de 2008 pola que se regula a aplicación de pagamentos directos á agricultura e á gandaría e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2008, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 23, do 1 de febreiro de 2008, cómpre facer as seguintes correccións:

-Na páxina 1.888, no artigo 10.2º alínea e), engádesse un segundo parágrafo co seguinte texto: «Dentro das axudas a produtores agrarios que establezan métodos de produción respectuosos co ambiente e de conservación da paisaxe, só se comprobará que a carga gandeira non supera o valor máximo establecido naquelas solicitudes que conteñan algunha das subseccións gandeiras».

-Na páxina 1.898 suprímese o punto 3 do artigo 44º.

-Na páxina 1.906 substitúese o texto do parágrafo 4 do artigo 73 que queda redactado do modo seguinte:

«Os controis sobre o terreo poderanse anunciar, sempre que non se comprometa o obxectivo perseguido. O aviso limitarase estritamente ao prazo mínimo necesario e non excederá 14 días.

Non obstante, cando se trate de controis sobre o terreo relativos ás solicitudes de axuda por animais, o aviso mencionado no parágrafo anterior non poderá exceder 48 horas, agás nos casos debidamente xustificadas. Ademais, cando a lexislación aplicable aos actos e ás normas que afectan a condicionalidade exixa que o control sobre o terreo se realice sen aviso previo, esas disposicións tamén se aplicarán aos controis da condicionalidade sobre o terreo».

-Na páxina 1.908, no artigo 83.2º, onde di: «... perante as administracións públicas competente, ou outros entes públicos.», debe dicir: «... perante as administracións públicas competentes, ou outros entes públicos».

-Na páxina 1.908, no artigo 84º, onde di: «... xuntando a documentación recollida nos artigos 92 e/ou 110 desta orde.», debe dicir: «...xuntando a documentación recollida nos artigos 91 e/ou 107 desta orde».

-Na páxina 1.909, no artigo 87º, onde di: «... que subscriban de xeito voluntario e por un período mínimo de cinco anos, compromisos nunha ou varias das medidas agroambientais, en toda ou en parte da súa explotación, en que na súa totalidade deberán exercer a agricultura sustentable ...», debe dicir: «... que subscriban, de xeito voluntario e por un período mínimo de cinco anos, compromisos nunha ou varias

das medidas agroambientais, en toda ou en parte da súa explotación, aínda que na súa totalidade deberán exercer a agricultura sustentable ...».

-Na páxina 1.910, no artigo 92º, onde di: «... será a establecida no anexo II da Orde de... de... de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras de axudas para o fomento dos sistemas de produción agraria sustentables a través da implantación do contrato de explotación sustentable, para cada unha das subseccións seguintes.», debe dicir: «... será a establecida no anexo II da Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión das axudas para o fomento dos sistemas de producións agrarias sustentables a través da implantación do contrato de explotación sustentable (CES), para cada unha das subseccións seguintes».

-Na páxina 1.911, no artigo 102º, engádese ao final deste o seguinte texto: «Os animais primables para efectos desta subsección deben pertencer a algunha das razas recollidas no anexo 27 desta orde».

-Na páxina 1.912, no artigo 103º, parágrafo 5º, onde di: «-Utilización de sistemas extensivos na alimentación en explotacións de produción de leite e ceba de ruminantes (...) Require que a explotación manteña unha carga gandeira máxima de 2 UGM/ha ...», debe dicir: «-Utilización de sistemas extensivos na alimentación en explotacións de produción de leite e ceba de ruminantes (...) Require que a explotación manteña unha carga gandeira máxima de 1,8 UGM/ha, e unha superficie de pradaría non inferior ao 50% da superficie total».

-Na páxina 1.913, no artigo 111º, onde di: «..., será a establecida no anexo II da Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras de axudas para a mellora do benestar animal a través da implantación do contrato de explotación sustentable.», debe dicir: «..., será a establecida no anexo II da Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas para o fomento dos sistemas de producións agrarias sustentables a través da implantación do contrato de explotación sustentable (CES)».

-Na páxina 1.913, no artigo 113º, parágrafo primeiro, onde di: «... as persoas físicas que o soliciten de acordo cos modelos DP1, DP2, RS, PA, RG, IC, ICC e DC2 do anexo 1 desta orde que reúnan as seguintes condicións: ...», debe dicir: «... as persoas físicas que o soliciten de acordo cos modelos DP1, DP2, RS, PA, IC, DC2 e, de ser o caso, RG e ICC do anexo 1 desta orde que reúnan as seguintes condicións: ...».

-Na páxina 1.914, no artigo 114º.1 d), onde di: «d) Cumprir as prácticas de cumprimento da condicionalidade, establecidas no Regulamento (CE) nº 1782/2003 e Regulamento (CE) nº 796/2004 que aparecen recollidas nos anexos 20 e 21.», debe dicir: «d) Cumprir os requisitos principais da condicionalidade definidos no Regulamento (CE) nº 1782/2003, que aparecen recollidos nos anexos 21 e 22 desta orde».

-Na páxina 1.914, no artigo 114.1º d), parágrafo octavo, onde di: « ... Para a determinación da superficie forraxeira teranse en conta as superficies indicadas no artigo 10º k) desta orde.», debe dicir: «... Para a determinación da superficie forraxeira teranse en conta as superficies indicadas no artigo 10.1º k) desta orde.»

-Na páxina 1.914, no artigo 116.2º, capítulo I, onde di: «Para a resolución das solicitudes relativas ao contrato de explotación sustentable aplicarase o establecido na Orde do de de 2008.», debe dicir: «Para a resolución das solicitudes relativas ao contrato de explotación sustentable aplicarase o disposto na Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión das axudas para o fomento dos sistemas de producións agrarias sustentables a través da implantación do contrato de explotación sustentable (CES)».

-Na páxina 1.914, no artigo 116º.2, capítulo II, parágrafo 7º, substitúese o texto: «Dado que non é posible ser beneficiario simultáneo da submedida control integrado/produción integrada e a de agricultura e gandería ecolóxica, a puntuación máxima por este criterio de prioridade é de 30,00 puntos.», pola seguinte redacción: «A puntuación máxima por este criterio de prioridade é de 40 puntos».

Por outra banda, advertidos erros na corrección de erros da Orde do 31 de xaneiro de 2008 pola que se regula a aplicación de pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable, no ano 2008, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 32, do 14 de febreiro de 2008, cómpre facer as seguintes correccións:

-Na páxina 2.466, no anexo I, o cadro «Resumo de documentos segundo axudas solicitadas», substitúese polo cadro que se xunta.

-Nas páxinas 2.467 e 2.468, no anexo I, epígrafe b.9, substitúese o seguinte texto:

«b.9.a) En todos os casos.

1. Xustificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias, de ser o caso.

2. Certificado acreditativo de estar ao día das obrigas tributarias coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, de ser o caso.

b.9.b) Nas solicitudes de indemnización compensatoria:

1. Anexo DP2. Solicitude unificada 2008. Desenvolvemento rural.

2. Copia da portada e folla do censo de animais do libro de explotación, se existen unidades de produción noutra comunidade autónoma.

3. Último recibo de pagamento no réxime especial agrario da Seguridade Social ou no de traballadores autónomos pola súa actividade agraria.

4. No caso de estar no réxime de autónomos, acreditación de figurar como tal nunha actividade agra-

ria mediante informe de vida laboral ou certificación do INSS.

5. Certificado da entidade asociativa, acreditativo da porcentaxe de participación do solicitante nela, segundo o modelo ICC. As persoas xurídicas diferentes de SAT ou cooperativas achegarán, ademais, unha copia cotexada da escritura de creación de sociedade.

6. Copia da declaración do IRPF do ano 2006, ou compromiso de presentar a do ano 2007 se é novo solicitante.

7. Certificación que acredite a procedencia dos rendementos do declarante, cónxuxe ou de ambos os dous, no caso de que na declaración do IRPF se inclúan os rendementos de traballo.

8. Resumo da documentación que se achega. Impreso DC2.

b.9.c) Contrato de explotación sustentable:

1. Anexo DP2. Solicitud unificada 2008. Desenvolvemento rural.

2. Documento acreditativo das UTA: ...».

Pola seguinte redacción:

«b.9.a) En todos os casos.

1. Anexo DP2. Solicitud unificada 2008. Desenvolvemento rural.

2. Resumo da documentación que se achega. Impreso DC2.

b.9.b) Nas solicitudes de indemnización compensatoria:

1. Copia da portada e folia do censo de animais do libro de explotación, se existen unidades de produción noutra comunidade autónoma.

2. Último recibo de pagamento da Seguridade Social do solicitante.

3. No caso de estar no réxime de autónomos, acreditación de figurar como tal nunha actividade agraria mediante informe de vida laboral ou certificación do INSS. No caso de estar no novo sistema especial para traballadores por conta propia agrarios (SET-CPA) do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, é posible neste ano 2008, acreditar a condición co informe de vida laboral ou ben coa resolución sobre cambio de encadramento ou resolución sobre recoñecemento de alta, expedidas ambas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4. Certificado da entidade asociativa, acreditativo da porcentaxe de participación do solicitante nela, segundo o modelo ICC. As persoas xurídicas diferentes de SAT ou cooperativas achegarán, ademais, unha copia cotexada da escritura de creación de sociedade, agás que os seus socios xa teñan solicitado indemnizacións compensatorias na campaña anterior, como membros de tales entidades.

5. Copia da declaración do IRPF do ano 2006, ou compromiso de presentar a do ano 2007 se é novo solicitante.

6. Certificación que acredite a procedencia dos rendementos do traballo do declarante, cónxuxe ou de ambos os dous, no caso de que na declaración do IRPF presentada figuren tales.

b.9.c) Contrato de explotación sustentable:

1. Documento acreditativo das unidades de traballo agrario (UTA) existentes na explotación: ...».

-Na páxina 2.468, no anexo 1, alínea b.9.d), parágrafo 3º, onde di: «Certificado de pertenza a unha entidade asociativa que teña como fin a mellora e conservación das razas autóctonas puras en perigo de extinción.», debe dicir: «Certificado de pertenza a unha entidade asociativa que teña como fin a mellora e conservación das razas autóctonas puras en perigo de extinción, de ser o caso».

-Na páxina 2.468, no anexo 1, alínea b.9.d), parágrafo 4º, onde di: «... copia cotexada da inscrición dos animais, polos cales solicita axuda, no correspondente libro xenealóxico da raza.», debe dicir: «... copia cotexada da inscrición dos animais, polos cales solicita axuda, no correspondente libro xenealóxico da raza, de ser o caso».

-Na páxina 2.468, no anexo 1, alínea b.9.d), parágrafo 5º, onde di: «... acordo adoptado pola comunidade de montes conforme se establece na autorización do acto de disposición.», debe dicir: «... acordo adoptado pola comunidade de montes conforme se establece na autorización do acto de disposición a favor do solicitante, de ser o caso. En tal acordo a comunidade de MVMC debe facer constar a superficie asignada ao solicitante con todas as súas correspondentes referencias SIXPAC».

-Na páxina 2.468, no anexo 1, alínea b.9.d), suprímese o parágrafo 6º.

-Na páxina 2.485, no anexo 1, o impreso «Contrato de explotación sustentable: relación de parcelas», impreso PAG, substitúese polo impreso do mesmo nome que se xunta».

-Nas páxinas 2.487 á 2.490, inclusive, no anexo 1, dentro do impreso «Contrato de Explotación Sustentable: Compromisos», impreso COM, substitúese polo que se xunta.

-Na páxina 2.493, no anexo 1, o impreso «Axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable de terras agrarias 2008», impreso DC2, substitúese polo impreso do mesmo nome que se xunta.

-Na páxina 2.500 substitúese o anexo 6 polo que se xunta.

-Na páxina 2.508 substitúese o anexo 12 polo que se xunta.

-Nas páxinas 2.511, 2.512 e 2.513, o anexo 19 substitúese polo que se xunta.

-Nas páxinas 2.513 a 2.515, o anexo 20 substitúese polo que se xunta.

-Nas páxinas 2.521 e 2.522, o anexo 26 substitúese polo que se xunta.

Resumo de documentos segundo axudas solicitadas

Solicitude de axuda		Comúns				Pagamentos directos								Desenvolvemento rural					Número de procedemento			
		DP1	PA	RS	RC	PU	DPU	RNPU	OC	VN	A	N	AC	AL	DP2	ICC	RSA	PAG		RGA	COM	
Axuda réxime pagamento único	Dereitos normais ou retirada	X	X	X		X	X														MR 241 B	
	Só dereitos especiais	X			X	X	X															
Reserva nacional dereitos RPU		X	X	X		X	X	X													MR 241 C	
Axuda por superficies		X	X	X																	MR 240 C	
Prima ovino cabrún		X			X				X												MR 239 A	
Prima vaca nutriz art. 125		X			X					X											MR 239 B	
Pagamento adicional vacas nutrices art. 69	> 15 UGM	X	X	X	X						X										MR 239 N	
	<= 15 UGM	X			X						X											
Pagamento adicional carne calidade art. 69		X			X								X								MR 239 M	
Pagamento adicional lácteo art. 69		X			X									X							MR 239 L	
Indemnización compensatoria		X	X	X	X									X	X						MR 238 B	
Solicitude de pagamento das axudas agroambientales 2000/06		X												X								
Contrato de explotación sustentable (CES)		X												X						X	MR 450 C	
Axudas agroambientales	1. Variedades risco erosión xenética		X	X	X									X		X	X			X	MR 450 A	
	2. Control e produción integrada	Control integrado	X	X	X									X		X	X			X		
		Produción integrada	X	X	X									X		X	X			X		
	3. Agricultura e gandería ecolóxica	Agricultura ecolóxica	X	X	X									X		X	X			X		
		Gandería ecolóxica	X	X	X	X								X		X	X	X	X	X		
		Apicultura ecolóxica	X	X	X									X		X	X	X	X	X		
	4. Loita contra a erosión en medios fráxiles	Cultivos leñosos	X	X	X									X		X	X			X		
		Cultivos herbáceos	X	X	X									X		X	X			X		
	5. Razas autóctonas en perigo de extinción		X	X	X	X								X						X		X
	6. Utilización de recursos forraxeiros da explotación	Prima base xeral		X	X	X								X		X	X	X	X	X		
		Prima bovino		X	X	X								X		X	X	X	X	X		
		Rozado		X	X	X								X		X	X	X	X	X		
		Pastoreo con razas autóctonas		X	X	X								X		X	X	X	X	X		
		Redución carga gandeira		X	X	X								X		X	X	X	X	X		
Sistemas extensivos na alimentación ruminantes		X	X	X								X		X	X	X	X	X				
Sistemas de pastoreo na alimentación ruminantes		X	X	X								X		X	X	X	X	X				
Axudas ao benestar animal	Avicultura de curral	Galíneiro con safda ao aire libre	X											X					X	X	MR 450 B	
		Granxa ao aire libre	X											X					X	X		
		Granxa de cría en liberdade	X											X					X	X		
	Porcino ao aire libre	Explotación ceba	X											X					X	X		
		Explotación reproductoras	X											X					X	X		



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



MINISTERIO DE
AGRICULTURA, PESCA
E ALIMENTACIÓN

UNIÓN
EUROPEA
FEADER



PROCEDEMENTO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN SUSTENTABLE: COMPROMISOS		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR450A MR450B MR450C
APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>	AGRUPACIÓN <input type="text"/>	NIF / NIE / CIF <input type="text"/>

O titular da explotación, de acordo co establecido no título III, capítulo I, seccións primeira e segunda, da orde da Consellería do Medio Rural, do 31 de xaneiro de 2008, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e é gandaría e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable, no ano 2008, **COMPROMÉTESE A:**

SECCIÓN 1ª: MÉTODOS DE PRODUCCIÓN RESPECTUOSOS CO AMBIENTE E DE CONSERVACIÓN DA PAISAXE.

Compromisos xerais comúns a todas as subseccións.

- Manter e actualizar o caderno de explotación, que incluíra unha contabilidade detallada e no cal se inscribirán todas as operacións de cultivo realizadas en cada unha das parcelas e o rexistro sobre materias primas adquiridas e produtos que entren ou saian da explotación, xunto cos oportunos soportes documentais.
- Pertencer a unha entidade de aconsellamento e dispoñer de técnico ou de asesoramento técnico.

Compromisos da subsección primeira: variedades autóctonas en risco de erosión xenética.

- Describir a explotación con relación de todas as parcelas, a súa superficie e utilización, a través da declaración de superficies.
- Dedicar ao cultivo, a selección e protección dalgunha das especies autóctonas en risco de erosión xenética unha superficie mínima de 0,3 ha da especie elixida e realizar as seguintes prácticas:
 - Elaborar un programa ou memoria do proxecto.
 - Manter en cultivo as especies e/ou variedades en risco de erosión xenética que sexan obxecto da axuda, ata a produción de semente ou ata que o órgano de reprodución vexetativo sexa viable.
 - Reservar un 5% dos materiais vexetais de produción obtidos.
- Desenvolver accións divulgativas coa Administración xestora.

Compromisos xerais da subsección segunda: control integrado e produción integrada.

- Non poderán acollese os cultivos realizados por sistemas hidropónicos.
- Manter sebes e ribazos, vexetación en lindeiros e marxes para reserva ecolóxica e mantemento da biodiversidade.
- Realización de análises axeitadas do solo, polo menos anualmente para programar o fertilizado. A frecuencia das análises de auga e outros, a criterio do comité técnico.
- Cubrir unha ficha normalizada por parcela, en que se determinen as prácticas do tratamento que se vai seguir.
- Establecer un Plan de fertilización.
- O control de malas herbas realizarase preferentemente de forma mecánica ou mediante pastoreo controlado.
- En caso de intervención con fitosanitarios de síntese utilizar exclusivamente as materias activas autorizadas para cada cultivo, seleccionadas baseándose en criterios de toxicidade, efectos sobre a fauna auxiliar e menor impacto ambiental, entre outros.
- Redución verificable de, polo menos, un 30% dos produtos fertilizantes e fitosanitarios utilizados na explotación. A dita redución poderase realizar mediante a substitución do fertilizado nitrogenado de síntese por orgánico, non permitindo o uso de esterco fresco nin lamas de depuradora. No caso de tratamentos fitosanitarios, substitución do 50% do número de aplicacións de produtos fitosanitarios por métodos de control e/ou seguimento biolóxico a base de substancias de orixe vexetal ou microorganismos, solta de insectos útiles, trampas masivas e confusión sexual, etc., por parcelas completas.

Compromisos específicos de control integrado.

- Realizar o seguimento e control de pragas, mediante tratamentos dirixidos e localizados para preservar a fauna útil.
- Non realizar tratamentos con produtos químicos 15 días antes da recolección, agás para produtos de recolección graduada, en que se utilizarán preferentemente substancias naturais, ou produtos químicos con prazo de seguridade de, polo menos, cinco días.
- Non realizar tratamentos poscolleita para comercializacións inmediatas.
- Realización de análise de residuos sobre a produción final.

Compromisos específicos de produción integrada.

- Cumprir co establecido no Decreto 68/2004, do 11 de marzo, sobre produción integrada e a súa indicación nos produtos agrarios e a súa normativa de desenvolvemento.
- Estar inscrito no Rexistro de Produtores de Produción Integrada da Comunidade Autónoma de Galicia e comercializar a produción baixo a marca de produción integrada.
- Compromiso de aplicar a produción integrada na totalidade da superficie da explotación dedicada á mesma orientación produtiva (cultivo e/ou especie).
- Obriga de efectuar rotacións en cultivos anuais. Se se establece unha cuberta vexetal ou cultivo para o fertilizamento en verde, considerarase como parte da rotación.
- Manter a cuberta vexetal en cultivos perennes. En épocas de recolección permitirase a sega ou o pastoreo controlado para facilitar os labores de colleita.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



MINISTERIO DE
AGRICULTURA, PESCA
E ALIMENTACIÓN

UNIÓN
EUROPEA



- Compromisos xerais da subsección terceira: agricultura e gandaría ecolóxica.**

 - Cumprir estritamente con todas as normas de produción establecidas no Regulamento (CEE) 2092/91 que regula a produción ecolóxica e demais normativa de aplicación.
 - Dispoñer dun certificado expedido polo Craega, que afirme que está inscrito neste e que cumpre coa normativa específica, para agricultura e/ou gandaría ecolóxica en cada unha das parcelas inscritas.
 - Comercialización da produción ecolóxica, unha vez pasado o período obrigatorio de reconversión.
 - Elaborar un plan de conversión da explotación que especifique as actuacións que se van realizar durante o período de conversión.
 - Proceder ao fertilizamento orgánico necesario para manter a fertilidade dos cultivos.
 - Obrigatoriedade da realización de análises do solo, polo menos anualmente para programar a fertilización. A frecuencia das análises de auga e outros, a criterio do comité técnico.
- Compromisos específicos de agricultura ecolóxica.**

 - Non utilizar produtos químicos de síntese non autorizados polo Regulamento (CEE) 2092/91 no control de pragas e enfermidades e efectuar o control da flora adventicia mediante tratamentos mecánicos nos períodos permitidos.
 - Manter a vexetación dos lindeiros existentes ao inicio do compromiso para mellor protección da flora e fauna.
- Compromisos específicos de gandaría ecolóxica.**

 - Non utilizar medicamentos de síntese non autorizados polo Regulamento (CEE) 2092/91 no tratamento e profilaxe das enfermidades do gando.
 - Utilizar polo menos a porcentaxe de alimentación animal procedente de agricultura ecolóxica que establece o Regulamento (CEE) 2092/91.
 - Cumprir co disposto no Regulamento 1804/99 sobre produción gandeira ecolóxica.
- Compromisos específicos de apicultura ecolóxica.**

 - Cumprir os compromisos establecidos respecto á apicultura dentro do Regulamento (CE)1804/99.
 - Manter máis de 50 colmeas.
 - Densidade: unha colmea por hectárea.
 - Localizar as colmeas en superficies cultivadas ecoloxicamente e/ou pasteiros ecolóxicos.
 - Non utilizar alimentos compostos que conteñan pole.
 - Só se poderá pagar a prima, por superficie cultivada ou polo pasteiro, ecolóxicos, sobre os que pecoreen as abellas.
 - Titulares de explotacións apícolas que se comprometan durante 5 anos, estean inscritos no Rexistro Oficial de Explotacións Apícolas, dispoñan de cartilla gandeira, estean inscritos no Craega e comercialicen os seus produtos como ecolóxicos.
- Compromisos xerais da subsección cuarta: loita contra a erosión en medios fráxiles.**

 - No caderno de explotación recollerase a planificación das actuacións tendentes a reducir a erosión nas diferentes parcelas da explotación.
 - Queda prohibido labrar o solo. En caso de invasión de flora e outras situacións extraordinarias poderá levarse a cabo un labor superficial, logo da autorización por parte do comité técnico. Os labores realizados serán sempre verticais, eliminando os de inversión.
 - A eliminación da cuberta herbácea realizarase mediante pastoreo, sega química (mediante a aplicación de herbicidas de baixo impacto ambiental, non residuais) ou de forma mecánica.
- Compromisos específicos para cultivos leñosos en pendentes ou socialcos.**

 - As parcelas acollidas terán unha pendente superior ao 15%.
 - Nas parcelas obxecto de axuda e con insuficiente permeabilidade, para evitar os problemas de escorregamento, será obrigatorio o establecemento de cubertas vexetais, a partir da flora espontánea ou sementando especies cultivadas. A dita cuberta deberá de ter a longura mínima que estableza o comité técnico para cada cultivo e ocupar polo menos o 50% da superficie libre de cultivo, manténdoo durante a totalidade do ciclo vexetativo do cultivo leñoso. En calquera caso, será obrigatoria a inmediata corrección dos efectos puntuais ocasionados polos escorregamentos producidos polas chuvias torrenciais.
 - A cuberta vexetal establecerase o máis próxima ás curvas de nivel e perpendicular á máxima pendente, no caso de socialcos ou da dirección do seu lado maior.
 - As densidades de plantación serán establecidas polo comité técnico para cada cultivo. Os compromisos non relacionados directamente coas pendentes/socialcos, deberán cumprirse no conxunto da explotación, aínda que para o cálculo da axuda, só se terá en conta a superficie das parcelas con pendentes superiores ás fixadas.
- Compromisos específicos para cultivos herbáceos.**

 - As parcelas acollidas terán unha pendente superior ao 10%.
 - Nas parcelas obxecto da axuda aplicaranse as técnicas de agricultura de conservación (sementeira directa/non laboreo, laboreo de conservación, cubertas), mellor adaptadas ás condicións locais de cada zona.
 - Queda prohibida a realización de labores durante o período de barbeito.
 - No caso de rotación de cultivos a cobertura disposta, vexetal ou inerte, disposta permanecerá no chan desde a colleita do cultivo ata a sementeira do cultivo posterior.
 - Os compromisos non relacionados directamente coas pendentes/socialcos, deberán cumprirse no conxunto da explotación, aínda que para o cálculo da axuda, só se terá en conta a superficie das parcelas con pendentes superiores ás fixadas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



MINISTERIO DE
AGRICULTURA, PESCA
E ALIMENTACIÓN

UNIÓN
EUROPEA
FEADER



Compromisos da subsección quinta: mantemento de razas autóctonas puras en perigo de extinción.

- Pertencer a unha entidade asociativa agraria cuxos fins sexan a mellora e conservación das razas autóctonas.
- Estar inscrito no libro de rexistro oficial da raza correspondente.
- Realizar as actuacións de pastoreo con animais de especies autóctonas en perigo de extinción incluídas no anexo 27.
- Manter o censo gandeiro das razas acollidas.
- Manter en pureza os efectivos reprodutores machos e femias destas razas.
- Participar nun programa de mellora xenética, coa obriga de achegar información para o seguimento da raza, así como para a elaboración de valoracións.

Compromisos xerais da subsección sexta: utilización dos recursos forraxeiros da explotación.

- Identificar axeitadamente os animais acollidos a esta medida. En equino será obrigatoria a identificación individual dos animais.
- Conservar e manter os elementos gandeiros necesarios para un axeitado manexo dos pastos evitando o sobre ou subpastoreo.
- Manter o aproveitamento extensivo das superficies afectadas, respectando o calendario de pastoreo establecido ao inicio de cada campaña polo beneficiario, segundo o modelo recollido para o efecto no caderno de explotación.
- Superficie mínima de actuación de 7 hectáreas nas explotacións con aproveitamento de montes comunais e de 3 hectáreas nas restantes.
- Comprometerse a manter polo menos o 50% da superficie da explotación a pastos permanentes en pastoreo e/ou o 75% da superficie da explotación, se o aproveitamento deses pastos é mixto (sega/dente). Incluirase en ambos os dous casos a superficie situada en monte comunal.
- Manter unha carga gandeira máxima por hectárea de 2 UGM.

Compromisos específicos de gando bovino:

- Mantemento dos xatos xunto coas nais durante, polo menos, 6 meses.
- Polo menos o 60% da recría será da propia explotación.

Compromisos específicos para o cálculo da prima complementaria de rozado.

- Cumprir cos compromisos xerais da subsección sexta.
- Poderanse completar as accións de pastoreo equilibrado, cando a ocasión o requira, con rozas, dirixidas á mellora do pasto existente ou creación de novos pastos de calidade. As rozas poderanse realizar de forma mecánica ou manual; cando a pendente sexa maior do 10%, poderáse excepcionalmente realizar un tratamento químico localizado con produtos de baixa toxicidade autorizados polo comité técnico.
- A superficie mínima que se rozará será de 0,2 ha.

Compromisos específicos para o cálculo da prima complementaria de pastoreo con razas autóctonas.

- Cumprir cos compromisos xerais e específicos da subsección sexta.
- Pastoreo con efectivos de polo menos un 75%, de razas autóctonas, inscritas nos correspondentes libros de rexistros das razas oficiais.

Compromisos específicos para o cálculo da prima complementaria por redución do gando bovino, ovino e caprino por unidade de superficie forraxeira.

- Cumprir cos compromisos xerais e específicos da subsección sexta.
- Diminuír a carga gandeira ligada á terra en polo menos 0,3 UGM/ha, respecto ás cargas existentes ao inicio do compromiso, respectando as cargas mínimas para o cumprimento da condicionalidade. Este obxectivo deberá cumprirse antes de finalizar o primeiro ano de compromiso, e manterase ata o seu remate. Poderase reducir a carga ampliando a superficie forraxeira, reducindo as UGM presentas na explotación ou combinando ambas opcións.
- A prima está calculada para implementar as tres situacións (redución da carga gandeira por diminución do censo de gando, por ampliación da superficie ou unha combinación de ambas as dúas). En calquera caso, a prima será única, sen diferenciar a opción de redución de carga que utilicen (reducir gando, aumentar a superficie ou unha combinación de ambas as dúas). En todo caso, a axuda calcularase sobre a superficie inicial (multiplicando a prima por hectárea polo número inicial de hectáreas da explotación).

Compromisos específicos para a utilización de sistemas extensivos na alimentación de explotacións de produción de leite e ceba de ruminantes.

- Cumprir cos compromisos xerais da subsección sexta.
- Manter polo menos un 50% da SAU da explotación cultivada con pradaría que poderá entrar en rotación co resto dos cultivos.
- Manter a superficie de pradaría durante polo menos 2 anos.
- A carga gandeira da explotación non poderá superar 1,8 UGM/ha de SAU por termo medio ao ano.
- Manter ou reducir o uso de concentrado por UGM presente na explotación



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



MINISTERIO DE
AGRICULTURA, PESCA
E ALIMENTACIÓN

UNIÓN
EUROPEA
FEADER



- Compromisos específicos para a utilización de sistemas extensivos en explotacións de produción de leite e ceba de ruminantes.**
 - Cumprir cos compromisos xerais da subsección sexta.
 - Cumprir con calendario de pastoreo establecido.
 - Realizar un período de pastoreo durante polo menos 120 días ao ano con vacas de leite, xovencas de recría ou terreiros para ceba.
 - Manter polo menos un 75% da superficie forraxeira da explotación cultivada con pradaría que poderá entrar en rotación co resto dos cultivos.
 - Manter a superficie de pradaría durante polo menos 2 anos.
 - Manter ou reducir o uso de concentrado por UGM presente na explotación.

SECCIÓN 2ª: MEDIDAS DE BENESTAR ANIMAL.

- Compromisos xerais comúns a todas as subseccións.**
 - Cumprir as normas de hixiene e benestar animal, contidas de carácter xeral, no Real decreto 348/2000, relativas á protección dos animais nas explotacións gandeiras, así como toda a normativa específica de aplicación en materia de benestar animal.
